

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE XULLO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día sete de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguinredo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, dos borradores da acta da sesión ordinaria de data 23 de xuño de 2020 e da acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 1 de xullo de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 23 de xuño de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- R.P. 2020/19640. Resolución de concesión provisional do Programa FO216/2020, do Servizo de Acción Social, Cultural, e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FO216: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2020. Figura o Concello de Cambre co obxecto "Persoal atención de museos", cun importe subvención de 10.000 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 97, do 30 de xuño de 2020).

- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación técnica do Plan de vías provinciais 2020, segunda fase e inicio dos trámites da expropiación

senda peonil en DP 1702 PQ 0+970 a 1+070 pasarela sobre liña FF.CC. Cambre. (Boletín Oficial da Provincia número 99, do 2 de xullo de 2020).

- Real decreto-lei 25/2020, de 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego. (Boletín Oficial do Estado número 185, do 6 de xullo de 2020).
- Resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo, do 26 de xuño de 2020, pola que se convoca, para a anualidade de 2020, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código de procedemento VI438A). (Diario Oficial de Galicia número 133, do 6 de xullo de 2020).

3º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 19 ao 25 de xuño do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 794/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá número 826/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
794/2020	19-06-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de xuño de 2020
795/2020	19-06-2020	Reclamacións relativas a recibos de subministración de auga e rede de sumidoiros con importes elevados por avarías nas instalacións
796/2020	19-06-2020	Contrato menor a BOREAL EDICIONES. Adquisición obra singular sobre Rosalía de Castro, titulada Rosalía. Obra poética e manuscritos
797/2020	19-06-2020	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de xuño de 2020
798/2020	19-06-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
799/2020	19-06-2020	Expedientes sancionadores de tráfico. Recurso de reposición non identificar ao condutor
800/2020	22-06-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 32.797,44 euros
801/2020	22-06-2020	Denegar a axuda recibo auga por superarse o importe máximo anual por unidade familiar para recibos de auga. Solicitante: MEG
802/2020	22-06-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CRG
803/2020	22-06-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: FBH
804/2020	22-06-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SMFN
805/2020	22-06-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: EAMM

806/2020	22-06-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MAR
807/2020	22-06-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
808/2020	22-06-2020	Expedientes sancionadores de tráfico. Resolución de primeiras alegacións
809/2020	22-06-2020	Expedientes sancionadores de tráfico. Resolución de primeiras alegacións
810/2020	22-06-2020	Inscribir á Asociación de Empresarios "Cambre empresarial", no Rexistro municipal de asociacións veciñais do Concello de Cambre co número 114, por cumprir cos requisitos esixidos nos artigos 33 e 34 do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre
811/2020	22-06-2020	Reposición legalidade urbanística por obras de reforma de vivenda sita en Frais, Cecebre sen adaptarse á comunicación previa presentada. Propiedade: JCG
812/2020	23-06-2020	Aprobación lista provisional admitidos/excluídos candidatos concurso-oposición axente de protección civil interino e lista de reserva
813/2020	23-06-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 38.287,53 euros
814/2020	23-06-2020	Orde de execución por muro en mal estado con desprendimento de cascotes en finca sita en Altamira, Anceis. Propiedade:ACS e herdeiros de AGG
815/2020	23-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Pega, Cambre. Propiedade: MAMM e SMM
816/2020	23-06-2020	Reposición legalidade urbanística por utilización de baixo de edificio sito en Plaza Manuel Lugrís, , O Temple para realización de actividade de aparcamento de vehículos sen licenza. Propiedade: MNB, JNB, MdelCCV e MLCV
817/2020	23-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por maleza afectando a un punto de luz sito entre Pontido e O Rego. Propietarios: CdeTG, ÁdeTG, MFdeTG e EdeTG
818/2020	23-06-2020	Declaración de ruína da edificación sita en estrada Espiritu Santo, Cecebre. Propietario: B, S.L.
819/2020	23-06-2020	Declaración de ruína da edificación sita en Pontido, Sigrás. Titulares: JPA e EPM
820/2020	23-06-2020	Solicitud de adhesión ao programa Son de Bares do Concello de Cambre: O Rodil
821/2020	23-06-2020	Declaración de ruína da edificación sita en Pontido, Sigrás. Propietaria: LVR
822/2020	23-06-2020	Denegar a axuda aluguer por estar o recibo xa pagado. Solicitante: SCOB
823/2020	23-06-2020	Denegar a axuda recibos de luz a por estar os recibos xa pagados. Solicitante: AMBC
824/2020	25-06-2020	Colocación de excedentes de tesorería a 30 de xuño de 2020
825/2020	25-06-2020	Aprobación da actividade e do gasto do proceso participativo Decidámolo Xuntos de elaboración dos orzamentos municipais participativos para os anos 2021, 2022, 2023 e 2024
826/2020	25-06-2020	Autorización apertura urna central número 42, letra B para

	inhumar o cadáver de DERL
--	---------------------------

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 26 de xuño ao 2 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 827/2020 e remata coa resolución da Alcaldía número 883/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
827/2020	26-06-2020	Declaración de ruína da edificación sita en Armental, Pravio. Propietario: herdeiros de RGdeDL
828/2020	26-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en arredores de Bandedó, Brexo. Propiedade: SPO
829/2020	26-06-2020	Declaración de ruína da edificación sita na Telva, Sigrás. Propietario: JVB
830/2020	26-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de finca colindante á sita en Quintán, Cambre. Propiedade: Herdeiros de JGG
831/2020	26-06-2020	Licenza para rehabilitación integral de vivenda unifamiliar en Ig de Sobrecarreira, promovida por APD
832/2020	26-06-2020	Expediente de orde de execución por vertidos de augas residuais a zona pública desde finca sita en Pontido, Sigrás. Propiedade: FFG
833/2020	26-06-2020	Expediente de reposición da legalidade urbanística por acopio de materiais e maquinaria sin título habilitante municipal en finca sita na Cabana, Sigrás
834/2020	26-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na Barcala, Cambre. Propiedade: RH, S.L.
835/2020	26-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita no Corgo, Brexo. Propiedade: AMQP e JBLS
836/2020	26-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Mosteiro, Bribes. Propiedade: BM
837/2020	26-06-2020	presenta escrito denunciando estado da maleza en fincas colindantes ao parque infantil municipal da urb. da Barcala sito en la parte posterior dos bloques 2, 5 e 3 da rúa Río Mandeo, ademais da existencia dun vertedoiro. Propiedade: ECS e MVP
838/2020	26-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en lugar do Sixto, Cambre. Propiedade: HGG
839/2020	26-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños fincas por estado de parcela sita entre os números 19-A e 19-B de Fontenla, Cambre. Propiedade: JMG
840/2020	26-06-2020	Expediente de orde de execución por vertido de entullo, pranchas de fibrocemento e neumáticos en finca sita en Nebrixe, Bribes pertencente ao complexo hosteleiro El Bosque. Propiedade: B, S.A.
841/2020	26-06-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Apeadeiro, Cecebre. Propiedade: JAM
842/2020	26-06-2020	Non admitir a trámite o escrito rexistrado de entrada con data de 13 de marzo de 2020, ao número 202090000000711, a instancia

		de don LBFL, no que solicita unha indemnización polas lesións sufridas a consecuencia dunha caída nun burato de máis de tres metros de profundidade no parque sito entre as zonas do Seixal e O Graxal, cúa visibilidade estaba obstaculizada pola vexetación silvestre existente, segundo indica o reclamante
843/2020	26-06-2020	Aprobación de taxa polo servizo de recadación dos ingresos municipais resultante da liquidación do exercicio 2019
844/2020	26-06-2020	Recoñecemento de obriga de pagamento anticipado da matrícula para un curso online denominado "La movilidad amable: espacio público y convivencia de modos de transporte", OS e EB
845/2020	26-06-2020	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de xuño de 2020
846/2020	26-06-2020	Avocación de competencias da terceira tenente de alcalde dona Elisa Pestonit Barreiros dende o día 16 ata o día 31 de xullo de 2020, ambos os dous incluídos
847/2020	26-06-2020	Cambio de data para celebrar voda civil anulada por estado de alarma. data; 3 xullo de 2020 as 13:00 horas no salon de plenos
848/2020	26-06-2020	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por JLGT para a instalación dunha piscina na finca sita no lugar de Monte, Bribes
849/2020	26-06-2020	Servizo de mantemento e socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque
850/2020	26-06-2020	Convenio urbanístico para a U.E. nº 19 sita en O Temple suscrito pola entidade FINCELA, S.L.
851/2020	26-06-2020	Asociación Temple comercial nº 115 rmav do Concello de Cambre
852/2020	26-06-2020	Non admisión da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos ocasionados en vehículo por contedor de lixo á altura do nº 14, no Paseo Marítimo do Temple, do 1 de febreiro de 2019, ás 03:37 horas
853/2020	29-06-2020	Contrato menor: Subministración de artigos de ferretería para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-2020.
854/2020	29-06-2020	Aprobación solicitude subvención Proxecto anual servizos sociais 2020
855/2020	29-06-2020	Contrato menor para a prestación de servizos topográficos en r/María Mariño e A Rocha. Cambre. Realización da medición con curvas de nivel e ubicación de elementos físicos, servizos e cotas en acceso de portais, con ETGPS LEICA RX1250, en coordenadas UTM_ETRS89 da Rúa María Mariño, O Temple, Cambre. Actualización do topográfico realizado anteriormente na Rocha, ubicando Pavillón de recente construción e demais actuacións
856/2020	29-06-2020	Aprobar a nómina de xuño e extraordinaria 2020 por un importe bruto de 645.840,29 euros
857/2020	29-06-2020	Solicitude permuta policía local de Cambre con funcionario policía local do Concello de SDRV
858/2020	29-06-2020	Autorización apertura urna perimetral 12C para inhumar o cadáver da titular do dereito dona EMG
859/2020	29-06-2020	Contrato menor: Subministración de metais para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-

		2020
860/2020	29-06-2020	Licenza de parcelación das fincas sitas en Arrigada - Cambre de 418,90 m ² e 2.043,10 m ² en catro parcelas 357,12 m ² , 1.992,66 m ² , 61,78 m ² e 42,72 m ² , sendo as dúas últimas de cesión obrigatoria ao concello
861/2020	30-06-2020	Contrato menor: Subministración de maquinaria para o obradoiro de soldadura
862/2020	30-06-2020	Contrato menor: Subministración de materiais, consumibles e pequena ferramenta para o desenvolvemento dos cursos de soldadura do Plan AFD 2019-2020
863/2020	30-06-2020	Concesión axuda recibo auga por importe de 66,86 euros. Solicitante: ADCM
864/2020	30-06-2020	Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal de data 2 de xullo de 2020
865/2020	30-06-2020	Lista definitiva admitidos/excluídos candidatos concurso-oposición axente de protección civil interino e lista de reserva
866/2020	30-06-2020	Conceder a axuda recibo de auga por importe de 68,76 euros e 3 recibos de luz por importe de 33,59 euros, 45,90 euros e 35,15 euros. Solicitante: FCS
867/2020	30-06-2020	Contrato menor: asistencia técnica para dirección das obras incluídas nas fases 2 e 3 do "proxecto de mejora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre
868/2020	30-06-2020	Convocatoria sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local 01.07.2020
869/2020	30-06-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 60.926,13 euros
870/2020	01-07-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Quintán, Cambre. Propiedade: RSM
871/2020	01-07-2020	Licenza para cambio de uso do local para 6 estudos de uso residencial en Curros Enriquez, O Temple promovido por M ^a LLP
872/2020	01-07-2020	Expediente de orde de execución por vertido de augas pluviais a zona pública desde edificación sita en Seoane, Anceis
873/2020	01-07-2020	Solicitud de acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Seoane, Anceis con referencia. Propiedade: AGT
874/2020	01-07-2020	Solicitud de certificación urbanística de non infracción e de antigüidade de edificación sita en Fabás, Pravio, Cambre (CR)
875/2020	01-07-2020	Ocupación espazo polo PSDG-PSOE Cambre
876/2020	01-07-2020	Licenza de obras de cambio de uso local comercial a vivanda en praza da Ria instruído a instancia de T,V e AF, C.B.
877/2020	01-07-2020	Instalación de infraestrutura eléctrica e cableado estruturado para a montaxe de pantalla deportiva polideportivo Sofia Toro
878/2020	02-07-2020	Aprobación conta xustificativa número 2/2019, polo período comprendido do 12 de marzo ao 30 de xuño de 2019
879/2020	02-07-2020	Autorización ocupación de espazo público para ao partido popular de Cambre o día 2 de xullo de 2020 no parque da Igrexa de Cambre
880/2020	02-07-2020	Conceder a axuda recibo auga por importe de 66,86 euros. Solicitante: ADCM
881/2020	02-07-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal do 3 de xullo de 2020

882/2020	02-07-2020	Autorización de varias adhesións ao programa Son de Bares
883/2020	02-07-2020	Aprobación de certificacións da obra «Reordenación do ámbito urbano estrada ac-214 e rúas Balado, Carballo, González Garcés e Pablo Manzano. Cambre. (fase i)» pos +18, e facturas correspondentes por importe total de 75.871,74 euros

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C003/000001, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente á obra "Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (suelo) A Igrexa.Cela. 15660 Cambre. Maio 2020"

- Proposta de aprobación do Documento de Xestión Preventiva presentado pola empresa *Cabodeiro, S.L.* adxudicataria da obra de "Impermeabilización na cuberta do polideportivo municipal de Os Campóns (Sigrás)", Expediente: 2020/C002/000031

- Adxudicación da execución do servizo de Limpeza e desinfección de beirarrúas no Concello de Cambre con hipoclorito sódico pulverizado, a prol da empresa Xalo Obras e Servizos, S.L., no prezo ofertado de 11.922,84 € sen IVE, 13.115,12 € IVE incluído. Expte: 2020/C002/000068

- Declaración de desertos dos dous lotes integrantes do expediente de contratación núm. 2020/C004/000001, por procedemento negociado sen publicidade do artigo 168.a.1º) da LCSP, correspondente aos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019. Expte: 2020/C004/000001

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C003/000001, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente á obra "Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (suelo) A Igrexa.Cela. 15660 Cambre. Maio 2020"

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 6 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con datas do 27/05/2020 e 28/05/2020 preséntase a través de sede electrónica do Concello de Cambre, aos nºs 202099900001090 e 202099900001111 respectivamente, polo arquitecto don David Sarmiento Nogueira, os documentos que integran o "Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (suelo) A Igrexa. Cela . 15660 Cambre. Maio 2020", cun orzamento base de licitación de 189.821,10 € IVE incluído.

Dito proxecto está integrado polos documentos que seguidamente se relacionan:

- *Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (suelo) A Igrexa. Cela . 15660 Cambre. Maio 2020*", Tomo I, asinado con data 27/05/2020
- *Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (suelo) A Igrexa. Cela . 15660 Cambre. Maio 2020*", Tomo II, asinado con data 28/05/2020

- Planos 1 asinado con data 27/05/2020
- Planos 2 asinado con data 27/05/2020
- Planos 3 asinado con data 27/05/2020

O proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 30 de xuño de 2020.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data do 4 de xuño de 2020 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que a intervención se atopa no recinto de protección do cruceiro e da Igrexa de San Xoán de Cela, recollidos cos números 73 e 6 no Catálogo de Áreas e Elementos de Espacial Protección das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Cambre, e que, con data do 26/08/2019 se recibe a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 23/08/2019 pola que se autorizan as obras de construción, autorización que segue vixente a día de hoxe. Tamén se indica no citado informe que o proxecto cumpre coas determinacións da normativa de aplicación, polo que dende o punto de vista urbanístico se considera viable.

Consta informe de conformidade e supervisión técnica a proxectos externos, emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 04/06/2020.

Consta a acta de replanteo asinada polo arquitecto municipal e máis polo redactor do proxecto con data 1 de xullo de 2020.

Consta o documento de autorización de gasto emitido o 12/05/2020 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 333.62201.2019.4333, por importe de 189.821,10 euros.

Consta o documento de prescricións técnicas elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, de data 4 de xuño de 2020, no que se xustifica a non división en lotes do contrato, e se propoñen os criterios de adxudicación .

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 3 de xullo actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaria accidental e máis do interventor municipais, de data 3 de xullo de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO :

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha obra coa cal o concello pretende a construción dunha edificación destinada a uso sociocultural que dea servizo ás necesidades da veciñanza da Parroquia de Cela , co que está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartado d), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (*"o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "d) ... outros equipamentos da súa titularidade"*), polo que queda debidamente xustificada a necesidade da obra para cumprir cos fins institucionais, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector

público no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C003/000001, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente á obra "*Proxecto básico e de execución. Edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Lg Pena (suelo) A Igrexa. Cela . 15660 Cambre. Maio 2020* ", cun valor estimado de 172.564,63 € e un orzamento base de licitación de 189.821,10 € IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto, por importe de 189.821,10 euros, por conta da aplicación orzamentaria 333.62201.2019.4333

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por :

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, e como suplente, o enxeñeiro de camiños municipal – xefe da Sección de Servizos, don Óscar Souto Muiño

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de aprobación do Documento de Xestión Preventiva presentado pola empresa *Cabodeiro, S.L.* adxudicataria da obra de “Impermeabilización na cuberta do polideportivo municipal de Os Campóns (Sigrás)”, Expediente: 2020/C002/000031

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co número 2020/C002/000031 para a contratación por procedemento de contrato menor da obra de “Impermeabilización na cuberta do polideportivo municipal de Os Campóns (Sigrás)”.

Visto que con data 11/02/2020 emitiuse pola arquitecta técnica municipal informe de conformidade técnica á memoria valorada, no que indica textualmente *“o Real Decreto 1627/97 sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, obriga a contratar os servizos dun coordinador de seguridade e saúde, polo que debe incluírse no orzamento da obra”.*

Visto que con data 12/02/2020 emitiuse informe polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude no que especifica que *“o adxudicatario terá que ofertar, dentro do prezo do contrato, os servizos da coordinación de seguridade e saúde para a obra citada, ademais do establecido na memoria valorada para a obra de impermeabilización na cuberta do polideportivo municipal de Os Campóns (Sigrás)”.*

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2020 polo que se adxudicou dita obra á empresa *Cabodeiro, S.L.*

Visto que con data 18/06/2020 e núm. 202099900001420 rexístrouse de entrada no Concello de Cambre escrito de don Francisco Jesús Cobas Fernández, director técnico da empresa Gallega de Coordinacións SL, no que informa que foi contrado pola empresa adxudicataria das obras, *Cabodeiro SL*, para realizar os traballos de coordinación de seguridade e saúde, ao tempo que presenta un Documento de Xestión Preventiva.

Visto o informe favorable emitido con data 22 de xuño de 2020 polo arquitecto municipal, director da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Documento de Xestión Preventiva presentado pola empresa *Cabodeiro, S.L.*, para a execución da obra denominada “Impermeabilización na cuberta do polideportivo municipal de Os Campóns (Sigrás)” (Exp. 2020/C002/000031).

Segundo: Notificar este acordo á empresa *Cabodeiro, S.L.* e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112

e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese ao arquitecto municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Adxudicación da execución do servizo de Limpeza e desinfección de beirarrúas no Concello de Cambre con hipoclorito sódico pulverizado, a prol da empresa Xalo Obras e Servizos, S.L., no prezo ofertado de 11.922,84 € sen IVE, 13.115,12 € IVE incluído. Expte: 2020/C002/000068

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 6 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 11/05/2020 emítense proposta-informe de necesidade de contratación, asinado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, a concelleira delegada da Área de Servizos e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de realizar unha limpeza e desinfección de choque de todas as beirarrúas das zonas urbanas do municipio, ao reanudarse moitas das actividades que foron suspendidas polo RD 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e que dentro do proceso de desescalada programado polo Goberno do Estado, supón un aumento da mobilidade e o número de persoas en tránsito polas rúas, dando así cumprimento ás competencias propias que ostenta o concello en materia de protección da salubridade pública, conforme se estipula no artigo 25.2. j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sendo, ademais, a limpeza viaria un servizo mínimo obrigatorio segundo o artigo 26.1.a) da citada lei 7/85; isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Con data do 12 de xuño de 2020 redactouse un anexo á proposta-informe, modificando a porcentaxe do IVE aplicable ao servizo ao 10 %, o que supón un importe de 13.115,12 euros IVE incluído, mantendo o prezo sen IVE de 11.922,84 euros.

En concreto, os servizo proposto consiste na desinfección de todas as beirarrúas das zonas urbanas do municipio (Cambre, O Temple e A Barcala) mediante aplicación de Hipoclorito sódico con manguera e lanza de pulverización de maneira manual, de xeito que a proporción da mestura utilizada será ao 2% en volume.

No mesmo informe de necesidade, xustifícase a invitación a participar no procedemento a unha soa empresa debido á urxencia na prestación do servizo, tratándose dunha empresa con experiencia demostrable neste tipo de servizos.

Con data 12/05/2020 emítase informe pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2020 163 22700.

Con data 19/05/2020 emítase informe pola enxeñeira de Obras Públicas municipal no que consta que foi invitada a empresa Xalo Obras e Servizos S.L., e que esta presentou oferta ao tipo de licitación, formulando proposta de adxudicación do servizo de “Limpeza e desinfección de beirarrúas no Concello de Cambre”, a prol da empresa Xalo Obras e Servizos, S.L., con NIF *****4109 e domicilio en Peiro de Arriba 16 -15198 Culleredo (A Coruña), por ser a única empresa invitada, que presentou oferta de acordo ao establecido no informe de necesidade, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Con data do 27 de maio, redáctase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal unha memoria valorada, que complementa a descrición dos traballos a realizar contemplada na proposta-informe de necesidade asinado o 11 de maio actual, na que se especifica que nos atopamos ante unha actuación de limpeza e desinfección de choque, debido a que é unha recomendación do Ministerio de Sanidade, en relación á pandemia por COVID-19, e se inclúen planos das zonas a tratar. Con data do 12 de xuño actual modifícase o importe do IVE que costa na Memoria valorada, o que supón un importe de 11.922,84 euros sen IVE e 13.115,12 euros IVE incluído, solicitándose nova oferta á empresa, que a presentou con data do 25/06/2020 polo prezo de 11.922,84 euros sen IVE e 13.115,12 euros IVE incluído.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral de data 29 de maio de 2020, e mailo informe de fiscalización número 174/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 6 de xullo de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de salubridade pública e limpeza viaria, que recollen os artigos 25.2. j) e 26.1.a) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria da actuación consistente na “Limpeza e desinfección de beirarrúas no Concello de Cambre”, para a limpeza con hipoclorito sódico pulverizado, elaborada pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, cun orzamento de 11.922,84 € sen IVE, 13.115,12 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2020 163 22700.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000068, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para execución do servizo de Limpeza e desinfección de beirarrúas no Concello de Cambre con hipoclorito sódico pulverizado, a prol da empresa Xalo Obras e Servizos, S.L., con NIF ****4109 e domicilio en Peiro de Arriba 16 -15198 Culleredo (A Coruña), no prezo ofertado de 11.922,84 € sen IVE, 13.115,12 € IVE incluído, por ser a única empresa invitada, que presentou oferta de acordo ao establecido no informe de necesidade, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato á enxeñeira de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á enxeñeira de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar o presente acordo aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Declaración de desertos dos dous lotes integrantes do expediente de contratación núm. 2020/C004/000001, por procedemento negociado sen publicidade do artigo 168.a.1º) da LCSP, correspondente aos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019. Expte: 2020/C004/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 6 de xullo de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente incoado co nº 2020/C004/0000001, por procedemento negociado sen publicidade do artigo 168.a.1º) da LCSP , correspondente aos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes (Lote nº 1 : Defensa xurídica e asistencia letrada, e Lote nº 2 : Representación procesual), cun valor estimado total para os dous lotes de 5.134,18 euros e un orzamento base de licitación total para os dous lotes de 6.212,36 euros, expediente que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día once de febreiro de 2020.

Visto que o expediente mediante procedemento negociado sen publicidade aprobouse como consecuencia da falta de presentación de ofertas no expediente nº 2019/C004/000022 anteriormente incoado para adxudicación por procedemento aberto simplificado do mesmo contrato.

Visto que o expediente actual foi tramitado consonte ao establecido nos artigos 168.a.1º) e concordantes da Lei 9/2017 de contratos do sector público, solicitando ofertas a tres licitadores capacitados para a realización de cada un dos lotes que integran o contrato.

Visto que , presentadas as ofertas polos licitadores interesados (dous licitadores para o Lote nº 1 e un licitador para o Lote nº 2), procedeuse á súa valoración inicial e definitiva, esta última logo do cumprimento da Fase de negociación establecida na cláusula 16.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares e artigos 166.1, , 169 e 170 da LCSP, emitíndose sendos informes pola técnica de xestión de Administración xeral con datas do 9 de marzo e 12 de marzo de 2020, dos que resultan as seguintes puntuacións finais :

- **Puntuacións definitivas obtidas polos licitadores ofertantes no Lote nº 1** (cláusula 12.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares

Critérios Lote nº 1	<i>Licitador : Rafael Díaz Carro</i>	<i>Licitador : José Manuel Garaeta Díaz</i>
<i>Por cada intervención coa fase de instrucción finalizada</i>	<i>14 intervencions (14 x 0,40 = 5,6 puntos)</i>	<i>Se puntúan 15 intervencions, toda vez que declara ter "Mais de 15" sin especificar número (15 x 0,40 = 6 puntos)</i>
<i>Por cada intervención en xuízo oral sin xurado</i>	<i>36 intervencions (36 x 0,80 = 28,80 puntos)</i>	<i>Se puntúan 15 intervencions, toda vez que declara ter "Mais de 15" sin especificar número (15 x 0,80 = 12 puntos)</i>
<i>Por intervención en xuízo oral con xurado</i>	<i>0</i>	<i>0</i>
Prezo	3.900,00 euros (12,56 puntos)	3.500,00 euros (14 puntos)
<i>Proximidade</i>	<i>Non indica (0)</i>	<i>Indica despacho aberto no Partido Xudicial de A Coruña (2 puntos)</i>
TOTAL	46,96 PUNTOS	34 PUNTOS

- Puntuacións **definitivas** obtidas polo único licitador ofertante no Lote nº 2 (cláusula 12.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares)

Criterios Lote nº 2	Licitador : Javier Carlos Sánchez García
Experiencia profesional que supere a solvencia mínima esixida	75 intervencions (75 x 0,40 = 30 puntos)
Prezo	Ao tipo de licitación (0 puntos)
Proximidade	Indica contar con despacho aberto no Partido Xudicial de A Coruña (5 puntos)
TOTAL	35 puntos

Visto que, outorgado aos licitadores propostos como adxudicatarios dos dous lotes o prazo de sete días hábiles, para que presentasen a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, estes non achegaron debidamente a documentación requirida, segundo informes emitidos pola técnica de xestión de Administración xeral de datas 17 de xuño e 6 de xullo de 2020 (este último coa conformidade da secretaria xeral e mailo interventor da Corporación).

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da Corporación, de data 6 de xullo de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto no artigo 150 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro : Dar por retiradas as ofertas presentadas polos licitadores don Rafael Díaz Carro (para o lote nº 1) e don Javier Carlos Sánchez García (para o lote nº 2) no expediente de contratación nº 2020/C004/000001 para adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, dos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019, por non dar debido cumprimento ao requirimento da achega da documentación previa á adxudicación contemplada na cláusula 17 do Prego de cláusulas administrativas particulares, que lles foi remitido polo Concello de Cambre con data do 28/05/2020, toda vez que a documentación presentada por ambos licitadores entregouse fóra do prazo establecido para o efecto pola Administración, e sen xustificar debidamente a disposición dos medios personais necesarios para a execución do contrato e que cumpran cos criterios de adxudicación valorados, ao ter achegado documentación xustificativa da súa solvencia técnica, pero non da veracidade das declaracións referidas ao número de intervencións en procedementos en sede da xurisdicción penal que serviron de base para as puntuacións que lles foron outorgadas.

Segundo : Dar por retirada a oferta presentada polo licitador don José Manuel Garaeta Díaz , para o lote nº 1 do expediente de contratación nº 2020/C004/000001 para adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, dos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019, por non dar debido cumprimento ao requirimento da achega da documentación previa á adxudicación contemplada na cláusula 17 do Prego de cláusulas administrativas particulares, que lles foi remitido polo Concello de Cambre con data do 18/06/2020, toda vez que non achegou documentación xustificativa da súa participación nas quince intervencións mínimas necesarias para acreditar a solvencia técnica do avogado principal proposto, e non xustificou debidamente a disposición dos medios personais necesarios para a execución do contrato e que cumpran cos criterios de adxudicación valorados, ao non ter achegado documentación dabondo para xustificar a veracidade das declaracións referidas ao número de intervencións en procedementos en sede da xurisdicción penal que serviron de base para as puntuacións que lle foron outorgadas.

Terceiro : Faise constar expresamente que ningún dos licitadores participantes no procedemento, nos dous lotes que o integran, acreditou atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias á data de presentación das súas ofertas, polo que se incumpre, así mesmo, o establecido na cláusula 17.1.9 do prego administrativo en relación co artigo 140.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Cuarto : En consecuencia co anterior, e de conformidade co establecido no artigo 150.3 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, declarar desiertos os Lotes nºs 1 e nº 2 integrantes do expediente de contratación nº 2020/C004/000001 para adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, dos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019, toda vez que, á vista do establecido nos puntos anteriores deste acordo, déronse por retiradas as ofertas presentadas por tódolos licitadores presentados para ambos lotes, por presentación incompleta da documentación previa á adxudicación.

Quinto: De conformidade co establecido na cláusula 17.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, publicar os presentes acordos no Perfil de Contratante , integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público no prazo de quince días.

Sexto : Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Oscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia